

cordantes, exponse ó público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o seguinte ó da publicación do presente edicto no B.O. da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

Vilaboa, a 18 de agosto de 2005.—O Alcalde, ilexible. **2005007731**

* * *

M O S

ORDENANZA DE USO DO GALEGO NA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL DE MOS

Introducción

A principal manifestación da identidade cultural dun país é a súa lingua. O galego, lingua propia de Galicia, é o máximo expoñente da nosa identidade como comunidade diferenciada. A lingua galega, no decorrer da súa historia, coñeceu períodos de “normalidade”, sendo lingua de organismos civís, gremios, confrarías, mosteiros e conventos teñen no galego a súa lingua vehicular, e mesmo se traducen do castelán dos códigos civís chegados dos territorios lingüísticos casteláns. É a partir de finais do século XIV cando comeza a progresiva substitución do galego polo castelán nos contextos formais anteditos, manténdose, poren, o galego como lingua oral. Houbo que agardar ate o século XVIII para que aparecesen as primeiras voces que reclamaban a restitución do uso do galego en todos os ámbitos. Estes xermolos florecen durante o século XIX e dan os seus froitos máis vizosos no Estatuto de Autonomía de 1936, primeira normativa legal que recoñece a oficialidade do galego. A sublevación fascista malogrou a aplicación desta lexislación.

Coa instauración dun novo marco democrático no Estado español, mellóranse as condicións para ir avanzando na normalización da nosa lingua. A Constitución española de 1978 proclama “a vontade de protexer a todos os españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, as súas culturas, tradicións, linguas e institucións”, establecendo no artigo 3.2 que as linguas do Estado diferentes ao castelán serán oficiais nas súas respectivas comunidades, de acordo con cada Estatuto. A promulgación do Estatuto de Autonomía de Galicia en 1981 proclama a lingua galega como oficial de Galicia, na súa calidade de lingua propia desta terra, e desenvolve aínda máis este precepto ao encomendarlles aos poderes públicos de Galicia que garantan o uso normal e oficial da lingua galega —xuntamente coa castelá- e potencien o emprego do

galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, acrecentando que “disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento” (art. 5.3 E.A.G.). A proclamación da oficialidade da lingua galega impón unha serie de obrigas aos poderes públicos autonómicos. Estes han de utilizala como lingua de uso normal de comunicación entre eles e nas súas relacións cidadanía. Ao mesmo tempo, as cidadás e os cidadáns adquiren unha serie de dereitos lingüísticos que han de ser respectados pola Administración, para o que esta ha de estar en disposición de traballar en igualdade nunha e noutra lingua oficial de Galicia (galego e castelán). A Lei de normalización lingüística (15 de xuño de 1983) desenvolve aínda máis este mandato estatutario. A Xunta dictará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As corporacións locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta Lei (art. 6.4). Con posterioridade á promulgación desta Lei, fóronse aprobando ordes e decretos que veñen complementar o marco legal e van no camiño de colaborar na recuperación plena do uso do idioma galego nos diferentes ámbitos. É especialmente salientable neste camiño a lei 5/1988, de Uso do Galego como Lingua Oficial polas Entidades Locais.

En Galicia, onde a inmensa maioría da poboación fala ou entende a súa lingua, as Corporacións Locais poden e deben desenvolver accións encamiñadas a recuperaren o uso do noso idioma para os usos administrativos. O papel que xogan os concellos resulta de grande relevancia en calquera proxecto oficial que unha grande efectividade social, por seren institucións de enorme espallamento e as máis próximas ás cidadás e aos cidadáns. A lingua galega precisa o recoñecemento oficial previsto nas leis para que os complexos lingüísticos presenten na nosa sociedade desaparezan. É preciso, pois, que os rexedores municipais, en primeiro lugar, corrixan os hábitos lingüísticos existentes de predominio totalmente desequilibrado da lingua castelá.

Por considerarmos que as razóns expostas abondan para mudar as actitudes lingüísticas propónse lle ao Pleno do Concello a aprobación da seguinte Ordenanza.

ORDENANZA DE USO DO GALEGO NA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL DE MOS

CAPÍTULO I: DO USO DO IDIOMA GALEGO

Art. 1

1.1 O galego, como lingua propia de Galicia, é o idioma oficial do Concello de Mos.

1.2 As actuacións administrativas realizadas en galego no territorio municipal terán plena validez e eficacia.

1.3 As cidadás e os cidadáns teñen dereito a ser atendidas ou atendidos e obteren copia ou recibiren notificacións da documentación municipal no idioma oficial da súa elección.

CAPÍTULO II: ÁMBITO DE APLICACIÓN

Art. 2

2.1 O uso da lingua galega por parte do Concello e dos organismos que del dependan rexeranse polos criterios establecidos nesta Ordenanza.

2.2 As empresas adxudicatarias ou concesionarias, que actúen por conta deste Concello, así como as de explotación mixta en que sexa parte o Concello, farán o propio, o cal se fará explicitamente constar nos documentos correspondentes.

2.3 O Concello velará para que a nivel interno e nas actividades en que participe —convenios, consorcios—, sexan aplicados os principios aquí establecidos.

2.4 O Concello manterá un Servicio de Normalización Lingüística co obxectivo de impulsar a normalización do galego a todos os niveis e coordinar as accións necesarias para dar cumprimento a esta Ordenanza.

CAPÍTULO III: DO USO DO GALEGO NA ORGANIZACIÓN MUNICIPAL

Art. 3

3.1 As actuacións internas do Concello faranse en galego.

3.2 Será redimida integramente en lingua galega a seguinte documentación.

- a) As convocatorias das sesións de todos os órganos colexiados do Concello, así como as ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas, rogos, preguntas e as actas dos citados órganos municipais (nomeadamente, Pleno, Comisión de Goberno, comisións informativas, consellos sectoriais e tribunais de oposicións e concursos).
- b) As resolucións da alcaldesa ou do alcalde, das concelleiras ou concelleiros delegados e o seu Libro de Rexistro.
- c) Toda documentación xerada polo Concello que faga parte dos expedientes administrativos que teñan que someterse á decisión ou coñecemento dos devanditos órganos.
- d) As actas e acordos de todos os órganos dos consellos e entidades con personalidade xurídica dependente deste Concello.
- e) As notificacións, recursos, escrituras públicas e, en xeral, todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome do Concello.

3.3 Todos os modelos de documentación utilizados na Administración municipal serán elaborados en galego e, verbo disto, nos planos e procesos de informatización e racionalización administrativa deberán ter presente o establecido neste artigo, de xeito que as aplicacións e programas informáticos han estar adaptados para o funcionamento en lingua galega.

3.4 Os rótulos indicativos de oficinas e gabinetes, as cabeceiras de toda clase de impresos, os selos de goma, os mataselos e outros elementos semellantes deberán estar escritos en galego.

Art. 4

4.1 Os documentos públicos ou contractuais suscritos polo Concello serán dirixidos en galego. Se a outra parte contratante o solicita ou o negocio deba producir efecto fóra de Galicia, tamén será dirixido en castelán. No caso de que o Concello concorra xunto con outros outorgantes, o documento dirixirase na lingua que se acorde e, se acaso, o Concello solicitará unha copia en galego para incorporala ao expediente, en que faga constar que á traducción do seu orixinal.

4.2 Os estudos, proxectos, e traballos análogos que o Concello encargue a terceiros irán en galego, aínda que a súa finalidade poida esixir a redacción tamén noutra lingua. Este requisito será explicitamente recollido nas convocatorias ou solicitudes destes traballos.

4.3 O Concello requiriralles aos contratistas e provedores a presentación da documentación en lingua galega, sen prexuízo de poderes presentala ademais na outra lingua oficial. Os pregos de condicións dos contratos administrativos recollerán este requisito.

CAPÍTULO IV: DAS RELACIÓNS COAS E COS ADMINISTRADOS

Art. 5

5.1 Todos os expedientes administrativos do Concello serán tramitados en lingua galega.

5.2 Cando o interesado ou interesada o solicite formalmente, entregaránselle os documentos que lle afecten ou interesen na lingua oficial que demandase. En calquera caso non se interromperá a tramitación en galego.

5.3 As comunicacións e notificacións dirixidas a persoas físicas e xurídicas residentes no ámbito lingüístico de Galicia faranse en lingua galega, se prexuízo do dereito das cidadás e dos cidadáns a recibila, se o demandaren formalmente, en castelán.

5.4 Os expedientes e as comunicacións formais con destino a entidades fóra do territorio no que a lingua galega é lingua oficial, faranse en galego e castelán, coa indicación expresa neste último caso de que o texto é traducción do orixinal galego.

Art. 6

6.1 Os impresos ofreceranse en versión galega, sen prexuízo do dereito dos particulares a cubrilos en castelán. O Concello facilitará a tradución ao castelán daqueles impresos que así se solicitar.

6.2 Só se farán impresos bilingües cando algunha circunstancia especial así o require. De ser o caso, o galego figurará sempre de forma preferente.

Art. 7

Nas súas comunicacións administrativas orais, o persoal do Concello empregará a lingua galega, a non ser que o administrado ou administrada demande expresamente ser atendido/a en castelán.

Art. 8

Os documentos públicos e os contractuais outorgados polo Concello dirixirase sempre en galego. Se o Concello concorre xunto con outros outorgantes, o documento dirixirase tamén na lingua que se acorde e, se acaso, o Concello solicitará unha copia auténtica en galega para incorporala no expediente.

CAPÍTULO V: DAS RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

Art. 9

9.1 A documentación que o Concello dirixa a calquera das administracións públicas sitas no territorio da nosa Comunidade Autónoma, ou nas áreas limítrofes de fala galega, dirixiranse en lingua galega.

9.2 As comunicacións do Concello dirixidas á Administración civil ou militar do Estado e á Xustiza dentro do ámbito lingüístico galego dirixiranse en lingua galega, independentemente do feito de que esta documentación ou os expedientes que con ela se relacionen teñan o seu efecto fóra deste ámbito.

Art. 10

As copias dos documentos do Concello dirixidos ás administracións públicas de fóra do ámbito lingüístico galego, tamén se dirixirán en galego e, se fixer falta, expedirase unha copia traducida á lingua propia ou oficial da administración respectiva, ou en castelán, coa indicación de que o texto é tradución do orixinal galego.

Art. 12

O Concello demandará que as diferentes Administracións lle remitan a documentación en lingua galega, de acordo co disposto polo art. 36 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

CAPÍTULO VI: DOS AVISOS, PUBLICACIÓNS E ACTIVIDADE PÚBLICAS

Art. 13

Os anuncios oficiais da Corporación que se publiquen no Boletín Oficial de Galicia, ou calquera outro medio de comunicación radicado no territorio de Galicia, serán dirixidos en galego. Fóra do ámbito galego, a publicación será bilingüe.

Art. 14

Os cargos do Concello expresaranse normalmente en galego nos actos públicos celebrados no ámbito lingüístico galego, sempre que a intervención sexa por razón do propio cargo.

Art. 15

15.1 Os libros, as revistas e, en xeral, todos os cartazos e publicacións que edite o Concello, como tamén as mensaxes que se emitan a través dos medios de comunicación, faranse en galego, excepto aqueles destinados especificamente á promoción exterior, que se poderán facer na lingua dos destinatarios.

15.2 Fóra do ámbito lingüístico galego, a publicidade farase sempre en versión dupla: en galego e a lingua propia do territorio onde se dirixa.

15.3 A publicidade que se coloque en recintos propiedade do Concello deberá ser en galego.

CAPÍTULO VII: DOS REXISTROS

Art. 16

Sen prexuízos do que para os rexistros públicos establece o artigo 9 da Lei 3/1983, nos rexistros administrativos das oficinas do Concello, os asentos faranse sempre en galego, independentemente da lingua en que estean escritos.

CAPÍTULO VIII: DA ATENCIÓN O PÚBLICO

Art. 17

Os servicios das unidades administrativas que teñan unha relación co público máis intensa promocionarán o uso do idioma galego mediante a súa utilización como lingua normal de comunicación e a información ás cidadás dos seus dereitos lingüísticos, de acordo cos criterios de máximo respecto e non discriminación.

O disposto no presente artigo tamén é de aplicación ás empresas que presten servicios públicos municipais por concesión, arrendamento ou con certo.

CAPÍTULO IX: TOPONIMIA, SINALIZACIÓN E RÓTULOS

Art. 18

De acordo co disposto polo artigo 10 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a única forma oficial dos topónimos do territorio municipal do Concello é a galega.

Art. 19

Os rótulos e sinalizacións da Casa do Concello e dos outros predios e servicios públicos e da rede viaria municipal, dependente do Concello ou instalada polas súas empresas adxudicatarias ou concesionarias ou calquera outra entidade, serán dirixidos en idioma galego.

Cando o interese xeral o requira, tamén poderán dirixirse nos idiomas que se estime convenientes a cada caso.

Art. 20

Todos os vehículos do Parque Móbil municipal e Bombeiros levarán a súa rotulación en galego. Isto mesmo será de aplicación ao parque móbil das empresas adxudicatarias ou concesionarias, e así se establecerán nos correspondentes pregos de condicións.

Art. 21

O establecido no artigo anterior tamén será de aplicación a todo o vestiario municipal.

Art. 22

O Concello velará pola normalización de toda a súa sinalización e rotulación; tomará as medidas necesarias para garantir o uso da toponimia oficial galega.

CAPÍTULO X: DA SELECCIÓN, PROVISIÓN E RECICLAXE DO PERSOAL

Art. 23

A declaración de oficialidade do idioma galego esixe que todo o persoal ao servizo da Corporación estea en condicións de empregalo nos dous niveis, oral e escrito en igualdade co castelán e de acordo coa natureza do seu posto de traballo.

Art. 24

Para acadar o obxectivo enunciado no artigo anterior, establécense as seguintes regras:

- a) O persoal que actualmente traballa ao servizo da Corporación e non estea capacitado para o uso do galego de acordo co disposto no artigo 22, deberá adquirir tal coñecemento. Con ese fin, o Concello desenvolverá un programa de formación e perfeccionamento.
- b) Nos procedementos de provisión de postos de traballo, incluídos os cargos de habilitación estatal, as persoas candidatas deberán estar capacitadas e posuír un grao de coñecemento oral e escrito da lingua galega que as faga aptas para desenvolver as súas funcións, e ha de considerar o coñecemento expreso da lingua galega como requisito indispensable ou mérito preferente de acordo coa avaliación que se estableza.
- c) O persoal ao servizo da Corporación que teña acreditado o coñecemento do idioma galego ou participase nos programas de formación ou perfeccionamento utilizarao no seu traballo de acordo coas disposicións que contén a presente Ordenanza.
- d) As probas selectivas para a provisión de prazas de funcionarios e persoal laboral ao servizo do Concello celebraranse en lingua galega, facilitándose na outra lingua oficial cando algunha persoa o solicite expresamente.

- e) Incluírse nas bases das convocatorias de prazas de traballadores e traballadoras ao servizo do Concello a indicación do posto anterior.
- f) Así mesmo, indicarse nas devanditas bases que os tribunais solicitarán o asesoramento de persoas cualificadas para a valoración dos coñecementos de galego.
- g) A formación profesional do persoal funcionario e laboral farase en lingua galega, sempre que dependa do Concello a programación e organización. De non depender del, o Concello demandará que se faga en galego.

CAPÍTULO XI: DO IMPULSO INSTITUCIONAL

Art. 25

25.1 De acordo co establecido no artigo 25 da Lei 3/1983, de 15 xuño, de normalización lingüística, o Concello fomentará a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, asociativas, culturais, deportivas e calquera outra dentro do ámbito municipal.

25.2 Todos os organismos do Concello impulsarán a normalización lingüística no seu ámbito de actuación.

25.3 O Concello poderá outorgar reducións ou bonificacións de obrigas fiscais e/ou subvencións, para as actuacións relacionadas coa normalización lingüística, conforme ao establecido no artigo 25 da citada Lei 3/1983, do 15 xuño.

CAPÍTULO XII: DO CUMPRIMENTO E SEGUIMENTO DA SEGUINTE ORDENANZA

Art. 26

26.1 Para garantir o cumprimento desta Ordenanza, crease unha Comisión Inter-departamental de seguimento, integrada cando menos polo alcalde ou alcaldesa, o secretario/ a secretaria, a xefa/ o xefe de persoal, a persoa responsable do Servizo de Normalización Lingüística, un concelleiro ou concelleira designada/o por cada grupo municipal, un representante do comité de empresa e outro da xunta de persoal.

26.2 Esta Comisión de seguimento reunirse polo menos dúas veces ao ano, para analizar o cumprimento e desenvolvemento desta Ordenanza, e extraordinariamente cando a convoque o alcalde ou a alcaldesa, por iniciativa propia ou a petición dalgún dos seus membros.

26.3 A actuación, ampliación ou revisión da Ordenanza tamén depende desta Comisión, a cal fará o estudo e a proposta correspondente ao Pleno do Concello, para que, se proceder, se aprobe a modificación.

26.4 Esta comisión velará especialmente polo cumprimento desta ordenanza nos casos de comunicación co público en xeral e nas intercomunica-

cións do Concello co exterior, tanto no caso do funcionariado como dos concelleiros ou concelleiras.

Art. 27

Tamén é competencia da Comisión de Seguimento promover, chegado o caso, os expedientes sancionadores oportunos polo incumprimento da Ordenanza.

Mos, 5 de xullo de 2005.—A Concelleira de Cultura, Tareixa Mariña Lourido Giráldez. **2005007408**

BASES REGULADORA DE AXUDAS PARA XUNTANZAS VECIÑAIS E CULTURAI DO CONCELLO DE MOS

BASE I.—CRÉDITOS ORZAMENTARIOS.

Para a concesión destas subvencións existe na partida orzamentaria 451-4890004 crédito suficiente para 4.000,00 euros que será o importe máximo que se poderá outorgar por esta liña de axudas.

BASE II.—OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

Realización de xuntanzas veciñais e culturais que fomenten a boa veciñanza, colaboración, socialización, espírito lúdico e a boa harmonía entre todos os veciños de Mos.

Axudas para xuntanzas veciñais e culturais durante o exercicio 2005.

BASE III.— BENEFICIARIOS.

Para poder optar a estas subvencións os interesados deberán de cumprir os seguintes requisitos:

- * Asociacións debidamente inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello.
- * Ter o seu domicilio no Concello de Mos.
- * Non ter débedas con ningunha entidade pública.

Realizar actividades lúdicas, integradoras de convivencia e fomento das relacións entre a veciñanza.

Non ter pendente de xustificación axudas co Concello.

BASE IV.—PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PRAZO E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes para estas subvencións deberán presentalas segundo modelo de Anexo I no prazo de 20 días desde a publicación do anuncio das mesmas. Poderán presentarse no Rexistro do Concello de Mos ou en algún dos lugares que permite o artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Non se admitirá ningunha solicitude presentada fóra de prazo.

A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

Xunto coa solicitude e os anexos correspondentes, os interesados deberán de presentar os seguintes documentos.

- * Copia do C.I.F. persoa Xurídica.
- * Certificado expedido polas correspondentes administracións de non ter débedas coa Fazenda Estatal e Local así como a Seguridade Social. (a non ser que xa fora aportado con anterioridade).
- * Breve Memoria explicativa (non superior a dúas páxinas) das actividades desenvolvidas ou que se pretendan desenvolver no exercicio 2005. nas que se reflecta en todo caso o orzamento.
- * Axudas percibidas das outras administracións públicas.
- * Compromiso de comunicar todas as axudas percibidas para a financiación das actividades.
- * Certificación bancaria, no caso de que non fora aportada anteriormente.

BASE V.—CRITERIOS DE VALORACIÓN

As axudas repartiranse en función do número de solicitudes admitidas sen que en ningún caso o importe desta supere os 350,00 euros.

BASE VI.—OBRIGAS:

Os solicitantes das subvencións quedan obrigados a:

- * Cumprir coas estipulacións recollidas na Lei xeral de subvencións como na Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Mos.
- * Asumir a responsabilidade que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.
- * Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- * Aboar tódolos impostos, taxas, dereitos de autor e demais gastos necesarios para a realización das actividades.
- * Responder legalmente da veracidade dos datos expostos e documentación presentada.
- * Informar e facer públicas as actividades subvencionadas facendo constar nun lugar destacado das actividades e programas subvencionadas que as mesmas están subvencionadas polo Concellaría de Cultura do Concello de Mos.
- * A lingua que se empregará nos soportes da difusión das actividades será o Galego, A Concellaría de Cultura poderá, previa peti-